

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 18 de xullo de 2005 pola que se resolve o concurso de méritos para cubrir postos de asesores e/ou asesoras nos centros de Formación e Recursos.

Pola Orde do 4 de abril de 2005 convocouse concurso de méritos para cubrir postos de asesores e/ou asesoras de formación nos centros de Formación e Recursos.

En aplicación do establecido no artigo 11 da referida orde de convocatoria, esta Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

DISPÓN:

Primeiro.-Facer pública, no anexo a esta orde, a resolución definitiva do concurso antes citado.

Segundo.-Os funcionarios seleccionados por esta convocatoria quedarán adscritos aos postos adxudicados o 1 de setembro de 2005.

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2005.

Celso Currás Fernández
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO

Nome e apelidos	DNI	Praza obtida
Jesús M. Álvarez Bértolo	35296341	Pontevedra-xeral
Milagros Blanco Pardo	32384036	A Coruña-xeral
Mª Elena Diéguez Pazos	35417884	Santiago-xeral
Justo Freire López	32595443	Ferrol-TCI
Mª Asunción Gómez Crespo	34914081	Ponteareas-xeral
Francisco Ibáñez Santiago	32606575	Pontedeume-TCI
Mª José Tallón Fernández	33850763	Lugo-xeral

Orde do 18 de xullo de 2005 pola que se resolve o concurso de méritos específico entre funcionarios de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas en niveis non universitarios, para cubrir prazas de asesores nesta consellería.

Pola Orde do 4 de abril do 2005 convócase concurso de méritos específico entre funcionarios de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas en niveis non universitarios, para cubrir prazas de asesores na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

En aplicación do disposto no punto décimo primeiro da orde de convocatoria, esta Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

DISPÓN:

Primeiro.-Facer pública, no anexo a esta orde, a adxudicación definitiva dos destinos obtidos no concurso de méritos específico convocado pola referida orde.

Segundo.-Os funcionarios docentes seleccionados deberanse incorporar aos postos adxudicados o 1 de setembro de 2005.

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2005.

Celso Currás Fernández
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO

Nome e apelidos	DNI	Praza obtida
Mª Belén Santos Lago	36055461-V	Asesora de innovación educativa
Olga Iglesias de la Fuente	76351668-V	Asesora dos equipos de normalización lingüística

Orde do 18 de xullo de 2005 pola que se resolve o concurso de méritos para cubrir postos de asesores e/ou asesoras especialistas no Servizo de Formación do Profesorado.

Pola Orde do 4 de abril de 2005 convocouse concurso de méritos para cubrir postos de asesores e/ou asesoras especialistas no Servizo de Formación do Profesorado.

En aplicación do establecido no artigo 11 da referida orde de convocatoria, esta Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

DISPÓN:

Primeiro.-Facer pública, no anexo a esta orde, a resolución definitiva do concurso antes citado.

Segundo.-Os funcionarios seleccionados por esta convocatoria quedarán adscritos aos postos adxudicados o 1 de setembro de 2005.

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2005.

Celso Currás Fernández
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO

Nome e apelidos	DNI	Praza obtida
María Estrella Piñeiro Lorenzo	33231249	Xeografía e historia
María Luisa Calderón Fernández	33852113	Debuxo e educación plástica e visual
Alberto Rodríguez Rogina	35985849	Bioloxía

Anuncio do 19 de xullo de 2005, da Dirección Xeral de Persoal, pola que se comunica a publicación das puntuacións provisionais e a relación de excluídos do baremo aberto polo Anuncio do 25 de maio de 2005 (Diario Oficial de Galicia do 16 de xuño), para prazas de interinidades e substitucións para impartir os módulos profesionais de elaboración e reparación de audiopróteses e o de elección e axuste de próteses auditivas.

Rematado o prazo para presentar a instancia solicitude e realizada a baremación dos méritos, procede a publicación das puntuacións provisionais e a relación de excluídos no taboleiro de anuncios da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, das delegacións provinciais e na páxina web desta consellería.

En consecuencia, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro.-Facer público na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nas delegacións provinciais e na páxina web desta consellería as puntuacións provisionais e a relación de excluídos do baremo para prazas de interinidades e substitucións para impartir os módulos profesionais de elaboración e reparación de audiopróteses e o de elección e axuste de próteses auditivas.

Segundo.-Publicar a relación de excluídos no anexo deste anuncio.

Terceiro.-Contra estas puntuacións provisionais poderá interpoñerse reclamación no prazo de dez días naturais, a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no DOG, ante o director xeral de Persoal da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2005.

Severino Somoza Gómez
Director xeral de Persoal

Listaxe de excluídos para prazas de interinidades e substitucións para impartir os módulos profesionais de elaboración e reparación de audiopróteses e de elección e axuste de próteses auditivas (anuncio do 25 de maio de 2005, DOG do 16 de xuño)

Apelidos e nome	DNI	Módulo	Causa exclusión
Domenech Martínez, Silvia	48302496	Elaboración e reparación de audiopróteses	Non cumprir a base primeira (requisito de titulación) do anuncio do 25 de maio de 2005, DOG do 16 de xuño
Fandiño Perianes, Matilde	35307569	Elección e axuste de próteses auditivas	Non cumprir a base primeira (requisito de titulación) do anuncio do 25 de maio de 2005, DOG do 16 de xuño
Outeda Chantada, Lourdes	52495686	Elaboración e reparación de audiopróteses	Non cumprir a base primeira (requisito de titulación) do anuncio do 25 de maio de 2005, DOG do 16 de xuño
Outeda Chantada, Lourdes	52495686	Elección e axuste de próteses auditivas	Non cumprir a base primeira (requisito de titulación) do anuncio do 25 de maio de 2005, DOG do 16 de xuño
Vázquez López, Luis	34264630	Elaboración e reparación de audiopróteses	Non cumprir a base primeira (requisito de titulación) do anuncio do 25 de maio de 2005, DOG do 16 de xuño
Vázquez López, Luis	34264630	Elección e axuste de próteses auditivas	Non cumprir a base primeira (requisito de titulación) do anuncio do 25 de maio de 2005, DOG do 16 de xuño

V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

AUDIENCIA PROVINCIAL DA CORUÑA (SECCIÓN TERCEIRA)

Edicto (1862/2004-R).

Isabel Freire Corzo, secretaria da Sección Terceira da Audiencia Provincial da Coruña, certifica que no recurso de apelación 1862/2004, dimanante dos autos de menor contía 723/2000, do Xulgado de Primeira Instancia número catro da Coruña, se ditou sentenza cun encabezamento e parte dispositiva do teor literal seguinte:

«Audiencia Provincial, Sección Terceira. Maxistrados: Juan Ángel Rodríguez Cardama, presidente. María José Pérez Pena, Rafael Jesús Fernández-Porto García.

Na Coruña o oito de abril de dous mil cinco. Visto este recurso de apelación tramitado baixo o número 1862/2004, pola Sección Terceira desta audiencia provincial, constituída polos maxistrados que anteriormente se relacionan, interposto nos autos de xuízo de menor contía, procedentes do Xulgado de Primeira Instancia número catro da Coruña, ante o que se tramitaron co número 723/2000, nos que son parte, como apelante, o demandado José Luis Fernández-Peña Parages, maior de idade, veciño de Venturada (Madrid), con domicilio na Urbanización Cotos Monterrey, rúa Huebra 429, provisto do documento nacional de identidade nº 50.270.307, representado polo procurador José Luis Castillo Villa-